



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

**Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria
Curso Académico: 2013/2014**

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Mestre/a de Educación Primaria
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	Verifica 3447/2010; MEC:2502229
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago) Facultade de Formación do Profesorado (Lugo)
Centro onde se imparte o título	Facultade de Ciencias da Educación. Campus Norte (FCE) Facultade de Formación do Profesorado-Campus de Lugo (FFP)
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	Non procede
Responsable do título	Decano da FCE: Rodolfo Lois Ferradás Blanco Decano da FFP: Francisco Rodríguez Lestegás
Correo electrónico do responsable do título	FCE: zedudeca@usc.es FFP: decaprofesorado@usc.es
Curso de implantación do título	2010/2011
Data última acreditación	30/06/2010
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	Comisión de Coordinación Intercentros
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación Comisión de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado

2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS	
Información pública	Páxina web da Universidade/Centro/Título...
Denominación do título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Información)
Número de créditos e duración do título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Plan de estudos)
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/
Coordinador/a e/ou responsable do título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Información)
Centro/s onde se imparte o título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s	-----
Tipo de ensinanza	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Información)
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Oferta e admisión)
Idiomas en que se imparte o título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Información)

Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Prefil de egreso	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais)</p>
Normativa de permanencia	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Outra información)</p>
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Plan de Estudos)</p>
Memoria vixente do título	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Información)</p> <p>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/memorias.html</p>
Obxectivos do título	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais)</p>
Competencias xerais	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais)</p>
Competencias específicas	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais)</p>
Criterios de acceso e admisión	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Oferta e admisión)</p>
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9</p> <p>(Oferta e admisión)</p> <p>(Con anterioridade ao inicio do curso publícanse na sección de Avisos de cada centro a data e contido da xornada de acollida e a guía do primeiro ano.</p> <p>*Os/as estudantes poden ter información de forma telefónica, presencial ou telemática na páxina http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/</p>

Plan de acción tutorial	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información)</p>
Perfil de ingreso recomendado	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Oferta e admisión)</p>
Condições ou probas de acceso especiais, se existen	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Oferta e admisión)</p>
Programas de mobilidade	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información con enlace ao Portal Internacional: http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/index.html) (Na sección de Avisos publicanse as distintas convocatorias e seguimento, incluíndo a selección por parte dos Centros)</p>
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe ¹	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9(Oferta e admisión); http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/CURSO_PONTE_DO_GRAO_EN_MESTRE_EN_EDUCACI%00N_PRIMARIA.pdf FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Oferta e admisión) http://www.usc.es/gl/centros/ffp/ (Destacados)</p>
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	---
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Plan de estudos)</p>

Horarios	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/ffp/horario_cursos.html</p>
Guías docentes/Programación docente ²	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 (Plan de estudos) http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/programa_materias.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Plan de estudos) http://www.usc.es/gl/centros/ffp/programa_materias.html http://www.usc.es/gl/centros/ffp/guias_docentes/index.html (guías docentes)</p>
Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 (Outra información) http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/materia.html?materia=69693&ano=64 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/TFG.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información) http://www.usc.es/gl/centros/ffp/materia.html?materia=69550&ano=64 http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/tfg.html http://www.usc.es/gl/centros/ffp/ (Información tamén incluída en: *Normativa. *Destacados. Profesorado titor e liñas temáticas) *Avisos: publícase cada convocatoria anunciando prazo de solicitudes)</p>
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras, ...)	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 (Outra información) http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/practicum/index.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información) http://www.usc.es/gl/centros/ffp/normativa.html (Normativa propia da Facultade)</p>
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Información- Profesorado da titulación)</p>
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	<p>FCE:http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/PAS_Facultade_CC_Educacixn_-_2013.pdf http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Mestre_en_Educ_Primary_2013.pdf FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/pas.html http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Grao_Mestre_Educacixn_Primary.pdff</p>
Aulas e seminarios	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html</p>
Laboratorios	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html</p>
Salas de informática	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html</p>

Salas de estudo	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html
Biblioteca	FCE: http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/psicoeduca/ FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/servizos.html http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/formprof/
Outros servizos dispoñibles	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/servizos.html http://www.usc.es/gl/servizos/
Espazos para os representantes de estudantes	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html
Taxa de graduación	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información)
Taxa de abandono	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información)
Taxa de eficiencia	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información)
Taxa de rendemento	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información)
Taxa de éxito	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información)
Taxas de inserción laboral	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información)
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=14084&estudio=14085&codEstudio=13639&valor=9 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=14073&codEstudio=13638&valor=9 (Outra información) http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html

Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/organos.html http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html
Política e obxectivos de calidade	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html FFP: http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html
Manual e procedementos do SGC	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html FFP: http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html

¹ **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

² **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

1. Descrición do título

Valorarase o criterio de “Descrición do título” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio³

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

O título de Mestre de Educación Primaria aparece regulado na *Orden ECI/3857/2007*, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre (BOE de 29 de decembro de 2007), así como no Real Decreto 1594/2011, de 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Mestres.

A Memoria para a Verificación, no apartado “Descrición do Título” achega información relevante respecto da súa caracterización, tipo de ensinanza, mencións cualificadoras, distribución de créditos, número de prazas ofertadas, etc.).

No curso 2013/14, o número de prazas ofertadas, 230 en total (140 na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago e 90 na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo), que foi obxecto de modificación no na Memoria do título do curso 2012-13, resulta adecuado á capacidade de formación dos dous centros nos que se imparte.

O número de estudantes matriculados no 1º curso por primeira vez (matrícula de inicio de estudos) foi de 248 (154 en Santiago e 94 en Lugo), o que cumpre o parámetro de prazas ofertadas e ven confirmar a demanda sostida do alumnado. No entanto, o número total de alumnos matriculados por 1ª vez (matrícula de novo ingreso) incrementouse ata 272 (171 en Santiago e 101 en Lugo) como consecuencia de validacións de estudos, traslados doutras universidades ou adaptacións de plans de estudos en extinción. Esta circunstancia fixo que os grupos resultasen excesivamente numerosos nalgúns casos

Nas páxinas web das dúas Facultades existen enlaces directos á Memoria de Verificación do Título, así como á estrutura dos estudos, programas das materias, mencións cualificadoras, Practicum e TFG, o que permite una consulta fácil das características do título.

Adoptáronse medidas para garantir a coordinación intercentros, mediante a creación dunha comisión encargada de supervisar o proceso de seguimento do título e outras accións comúns ao desenvolvemento do mesmo nos dous centros que o imparten.

En resumo, o título está ben definido na normativa legal correspondente e na Memoria de Verificación. As evidencias neste criterio resúmense na claridade coa que se define o título nos documentos sinalados e no acceso a esta información a través das páxinas web das dúas Facultades.

Entendemos que este criterio se cumpre de modo satisfactorio.

BOAS PRÁCTICAS⁴:

Constitución dunha Comisión de Coordinación Intercentros (Santiago-Lugo) para os títulos de Grao en Mestre integrada por: os responsables de calidade das dúas Facultades, os titulares dos Vicedecanatos con competencias en organización académica das dúas Facultades e as persoas coordinadoras dos títulos de Grao en Mestre/a que se imparten nas dúas Facultades. A través desta Comisión acordáronse criterios de coordinación sobre distribución de materias, contido e complementariedade dos programas, etc. Os traballos desta Comisión deron como resultado diversas modificacións e propostas de mellora que se irán indicando nos diferentes criterios.

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

³ **Niveis de valoración:**

- * **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.
- * **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.
- * **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.
- * **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

⁴ **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de “Xustificación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Política e obxectivos de calidade da formación” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>O título habilita para o exercicio da profesión regulada de Mestre de Educación Primaria segundo se establece na <i>Orden ECI/3857/2007</i> (BOE de 29 de decembro de 2007). A MVT tamén xustifica a necesidade da súa implantación fundándose na traxectoria e na demanda continuada e sostida do alumnado cara ás diplomaturas de Mestre.</p> <p>Os informes de inserción laboral facilitados pola ACSUG non se refiren aínda aos titulados do Grao, senón aos antigos diplomados en mestre. Utilizando estes datos vemos que o tempo medio dos egresados en obter o primeiro emprego é de 7,7 meses, e da mostra de egresados consultados o 43,6 % está traballando en algo relacionado co título.</p> <p>A titulación presenta unha demanda sostida e superior á oferta de prazas, tal como se apuntou a propósito do criterio anterior. Neste sentido, o número de alumnos matriculados de inicio de estudos (248 en total, 154 na FCE- Santiago e 94 na FFP- Lugo) supera o número de prazas ofertadas nas dúas Facultades, dando unha porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas de 107,83 %.</p> <p>No entanto, as dúas Facultades participan nas accións do programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” dirixido á captación de novo alumnado. Algunha destas accións permitiron proporcionar información específica sobre as titulacións de Mestre a grupos de estudantes interesados. En concreto, a FCE-Santiago ofertou charlas temáticas sobre “A profesión de profesor” que foron realizadas en varios centros de educación secundaria, e a FFP-Lugo realizou visitas informativas tamén en varios IES, de maneira que se puido cumprir, polo menos parcialmente, a acción de mellora formulada neste sentido.</p> <p>No tocante á validez da formación impartida, cómpre sinalar que se conta coa información recibida dos titores externos (profesorado en activo) dos diferentes prácticums. Estes informes, polo xeral, reflicten unha valoración moi positiva sobre a preparación do alumnado para o exercicio da profesión.</p> <p>En resumo, entendemos que o título está suficientemente xustificado pola propia normativa vixente, pola demanda sostida por parte dos estudantes e pola consideración social que acompaña á profesión de mestre. As evidencias fan referencia á demanda, matriculación e interese dos futuros estudantes cara á profesión de mestre.</p> <p>Consideramos, en consecuencia, que este criterio se cumpre de modo satisfactorio.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
<p>Participación nas accións xerais do “Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” para a captación de alumnado.</p> <p>A Facultade de Ciencias da Educación de Santiago ofreceu a través do Programa A Ponte charlas informativas nos centros de secundaria sobre “A profesión de profesor” durante o curso 2013-14. A FFP-Lugo participou no mesmo programa realizando visitas informativas a varios IES da provincia de Lugo.</p>							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
<p>Valorarase o criterio de “Competencias” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Obxectivos do plan de estudos” do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
<p>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</p>							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>A Orden ECI/3857/2007 que regula o título de Mestre de Educación Primaria xa establece os obxectivos e as competencias que deben adquirirse a través dos diferentes módulos e materias coa intención de promover una formación equivalente en todos os centros que imparten os títulos. A Memoria de Verificación do Título fai un estudo máis detido das competencias que deben atender as diferentes materias e o Practicum e o TFG.</p> <p>A identificación e avaliación do logro das competencias profesionais do título é unha tarefa na que deberemos seguir avanzando. As diferentes materias, o Prácticum e o TFG proporcionan oportunidades para avaliar o logro das competencias profesionais. Como indicadores parciais de logros na adquisición de competencias achéganse datos procedentes tanto das enquisas de satisfacción coa docencia recibida, como datos máis cualiativos obtidos a través de cuestionarios administrados ao alumnado por parte dos responsables da coordinación dos títulos.</p> <p>O alumnado mostra un grao de satisfacción xeral coa docencia recibida de 3,86 nunha escala de 1-5 (3,77 en Santiago e 3,95 en Lugo). Os indicadores de satisfacción proporcionan información relevante sobre a adquisición de competencias como aprendizaxe autónoma, traballo en equipo e aplicación dos coñecementos adquiridos para resolver problemas, que son valoradas entre 3,85 e 4,0 no conxunto das dúas Facultades, mentres que obteñen valoracións máis baixas (arredor de 3) as competencias que teñen que ver co desenvolvemento do pensamento crítico e a comunicación oral e escrita</p> <p>Merece un comentario específico o Prácticum, xa que constitúe un momento importante para comprobar o logro das competencias do título; neste sentido, os resultados acadados ata o momento sinalan un progreso axeitado. Os estudantes declaran unha satisfacción xeral co Prácticum de 4,05 nunha escala 1-5 (4,18 en Santiago e 3,93 en Lugo). Consideran que a formación que reciben durante o Practicum é a máis útil cunha media de 4,63 (4,88 en Santiago e 4,38 en Lugo) e, aínda que valoran mellor a atención dos titores dos centros de esinanza que a dos titores académicos, consideran que a duración do Prácticum debería ampliarse.</p> <p>O profesorado, a través da enquisa de satisfacción coa docencia impartida tamén proporciona evidencias sobre o nivel de logro de competencias por parte do alumnado cando valora cunha media de 4,16 o traballo realizado polo alumnado nas aulas, ou con 3,78 a participación activa e crítica na aula.</p> <p>En resumo, as competencias profesionais e a súa avaliación, que resultan aínda novidasas nos hábitos profesionais de profesores e estudantes, aparecen ben definidas nos documentos oficiais e na MVT e as evidencias recollidas a través dos indicadores de satisfacción do alumnado e do profesorado ofrecen resultados positivos en xeral, aínda que debemos seguir avanzando na identificación precisa e nas formas de avaliación das competencias dos titulados.</p> <p>En consecuencia, consideramos que este criterio se cumpre de modo satisfactorio.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>Reunións de coordinación co profesorado para a análise das fichas das materias e a identificación das competencias en cada unha</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Continuar avanzando na recollida de evidencias sobre a consecución das competencias, a través de enquisas dirixidas tanto ao alumnado e profesorado das Facultades como a profesionais externos en exercicio (mestres titores do Prácticum).</p>							

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

A identificación, distribución e avaliación das competencias é un traballo que está progresando aínda nos ámbitos profesionais da educación. Entendemos que se debe continuar facendo un esforzo de identificación das mesmas, de priorización nas diferentes materias e de formas de avalialas, incluíndo estes aspectos de forma máis precisa nas enquisas a alumnado, profesorado e profesionais externos.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

4. Acceso e admisión de estudantes

Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Complementando a información xa achegada na reflexión sobre os criterios anteriores (prazas ofertadas, matrícula de novo ingreso, matrícula de inicio de estudos, variación da matrícula de inicio de estudos...), cómpre indicar agora que esta titulación tivo matriculados un total de 985 estudantes no curso 2013/14 (642 na FCE-Santiago e 343 ha FFP de Lugo). A nota media de acceso por preinscrición foi de 7,72 (8,19 en Santiago e 7,03 en Lugo). A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a 6 foi de 86,69 (78,72 en Lugo e 90,13 en Santiago). A relación de estudantes matriculados en inicio de estudos respecto das prazas ofertadas é de 107,39 %. Estes indicadores insisten na elevada aceptación do título entre os estudantes, que tamén ven confirmada pola variación positiva de matrícula de inicio de estudos: 3,35 % máis que no curso 2012/13.

A maior parte dos estudantes proceden de Galicia, sendo só o 2,19% (3,21 en Lugo e 1,77 en Santiago) os que proceden doutras comunidades españolas. A porcentaxe de estudantes estranxeiros matriculados nesta titulación redúcese ao 0,20. Ante esta reducida participación dos estudantes en programas de mobilidade, deberán preverse novas vías de promoción da mobilidade aproveitando todas as accións que nesta dirección se programen desde a Vicerreitoría de Internacionalización da USC para fomentar a mobilidade entrante e saínte.

O alumnado dispón de información previa á matriculación, así como dos procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e á titulación.

A acción de mellora proposta no Informe 2012/13 en relación coa modificación do calendario das PAU, no sentido de adiantar ao mes de xullo a convocatoria que agora se celebra en setembro, non foi atendida nin existen expectativas de que se produza nun futuro inmediato. Tampouco se ten atendido a proposta de axuste do alumnado de novo ingreso á oferta de prazas do título por parte da CIUG.

Reduciuse o prazo de resolución de expedientes de validación na FFP-Lugo, que está fixado nun tempo medio de 15 días, dando cumprimento á acción de mellora proposta no anterior informe de seguimento. Non se produciron incidencias en relación coa matrícula dos estudantes nas materias do Prácticum, executándose a correspondente acción de mellora.

Unha vez modificado o Curso Ponte, a partir da experiencia da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago, e implantado por vez primeira na Facultade de Formación do Profesorado no curso 2013-14, o Curso está a se desenvolver de xeito satisfactorio. Na FFP-Lugo cubríronse a totalidade das prazas ofertadas (20), mentres que en Santiago, xa con varios anos de implantación, tamén se mantén unha demanda próxima á oferta (19 matriculados sobre 20 prazas ofertadas).

En resume, os indicadores de acceso e admisión de estudantes veñen a confirmar elevada aceptación do título entre os estudantes, e as dúas Facultades teñen desenvolvido actividades de acollida do alumnado de novo ingreso. Os datos menos favorables son que o alumnado matriculado supera as prazas ofertadas, e a baixa mobilidade dos estudantes, especialmente a escasa taxa de alumnado estranxeiro, aspecto sobre o que debe indicir a proposta de mellora.

En consecuencia, consideramos que o cumprimento deste criterio é entre suficiente e satisfactorio.

BOAS PRÁCTICAS:

Organización de xornadas de acollida destinada a recibir, informar e orientar ao alumnado de primeiro curso do grao no momento da súa incorporación á universidade e aos centros.

Participación no programa de tutores para alumnos matriculados en estudos de Grao.

Realización de cursos de iniciación sobre competencias informacionais dirixido aos estudantes de novo acceso, impartido polo persoal das bibliotecas das dúas Facultades, destinado a familiarizar aos estudantes co manexo das ferramentas de busca e tratamento da información

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

5. Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de “Planificación da enseñanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

A estrutura básica do título (grandes módulos, número de créditos, descritores das materias...) vén fixada pola *Orden ECI/3857/2007* que regula o título de Mestre de Educación Primaria. A Memoria de Verificación do Título establece a secuencia de materias cunha estrutura modular de cuadrimestres que pretenden abordar diferentes núcleos da formación profesional dos Mestres.

A posta en marcha do plan de estudos favoreceu manifestamente o traballo en equipo do profesorado. En cada un dos centros que imparten esta titulación existe o correspondente coordinador ou coordinadora de título e de cada un dos seus cursos, con funcións claramente definidas en cada caso e que se refiren a: acollida do novo alumnado; xuntanzas cos delegados de curso; sesións de traballo co profesorado con docencia na titulación; recollida de información pertinente para a elaboración dos informes de seguimento; revisión dos programas das materias; contactos periódicos co alumnado, e administración e análise dos cuestionarios de avaliación.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida sitúase globalmente en 3,71 (1-5) en Santiago e 3,95 (1-5) en Lugo. Os aspectos mellor valorados (próximos a 4) fan referencia ao cumprimento dos programas e á comunicación cos estudantes na aula. Obteñen menores valoracións (arredro de 3,5) aspectos como a utilización de recursos didácticos e a coordinación entre o profesorado que participa nunha materia.

O nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida sitúase en 3,68 (1-5) en Lugo e 3,78 (1-5) en Santiago. O profesorado outórgalle á coordinación entre os distintos profesores dunha materia un valor de 4,10 na FCE de Santiago e 3,77 na FFP de Lugo; mentres que a coordinación entre as distintas materias do título recibe por parte do profesorado un valor de 3,25 na FCE de Santiago e 3,56 na FFP de Lugo.

Téñense incorporado novas guías docentes ás páxinas web dos centros, pero debe ampliarse o seu número e aspirar a ter dispoñibles a maioría delas. En todo caso, o profesorado pode utilizar outras vías para a difusión das guías docentes (nomeadamente, o Campus Virtual).

O Prácticum é un elemento fundamental da titulación. Na FCE-Santiago a coordinación xeral do Prácticum (para os dous graos en Mestre/a) é competencia do vicedecanato de organización académica coa axuda de coordinadores de cada Practicum. No caso da FFP-Lugo, existe a figura de Coordinador/a xeral do Prácticum. A satisfacción xeral dos estudantes co Prácticum é 4,05 (1-5) de media global, e a utilidade da formación recibida no Prácticum é valorada con 4,16 (1-5). O único aspecto do Prácticum co que os estudantes mostran insatisfacción é coa duración, solicitando a súa ampliación.

Como xa quedou indicado, a coordinación intercentros foille encomendada a unha Comisión de Coordinación creada a tal efecto para os títulos de Graduado/a en Mestre ou Mestra de Educación Infantil e de Educación Primaria. Froito dos traballos desta Comisión e das iniciativas desenvolvidas nos dous centros en relación co proceso de planificación das ensinanzas, foron as modificacións que se teñen proposto na organización do plan de estudos e que fan referencia á ubicación de certas materias nos primeiros cursos, á organización do Prácticum en dous períodos fronte aos tres anteriormente existentes, e á modificación dalgunhas fichas de materias para responder de forma máis axeitada ás competencias, obxectivos e contidos do plan de estudos.

Cómpre lamentar a redución do recoñecemento docente para os labores de titorización do Prácticum e o escaso recoñecemento para a titorización de TFG, o que impide a execución da acción de mellora proposta. Así e todo, e malia a complexidade organizativa do Prácticum derivada do elevado número de estudantes e outros problemas (dificultades para atopar prazas escolares para a realización do Prácticum nos CEIP públicos), as prácticas realízanse en condicións de recoñecida calidade. En relación con este asunto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria segue sen convocar o proceso de acreditación de centros e titores de prácticas para os graos en Mestre, o que impide levar a cabo unha das accións de mellora propostas, que queda adiada á sinatura dun novo convenio entre a USC e a Consellería.

En resumo, a planificación das ensinanzas deseñada na MVT resulta adecuada e funcional, especialmente a pretensión de estrutura modular dos cuadrimestres. Os datos de satisfacción de estudantes e profesores tamén proporcionan evidencias de bo funcionamento. Tamén se ten avanzado nos procesos de coordinación intra e intercentros. Como resultado deste traballo en reunións con profesores e estudantes, detectáronse algúns problemas de distribución, secuencia e solapamentos dalgunhas materias que recomendaron facer algunhas propostas de cambio na secuencia e/ou fichas dalgunhas materias. Entre estes cambios destacaremos a organización do Prácticum en dous períodos, fronte aos tres anteriores.

En consecuencia, consideramos que o cumprimento deste criterio está entre satisfactorio e suficiente.

BOAS PRÁCTICAS:

Existencia dun coordinador ou coordinadora de cada curso, así como de cada Prácticum e de TFG.

As reunións realizadas co profesorado dos dous centros impulsadas polos decanatos e as coordinacións dos títulos para a análise do desenvolvemento das ensinanzas. Destas reunións de coordinación saíron algunhas das propostas que se recollen nas modificacións propostas á reitoría.

Ter consensuado entre as dúas Facultades e propoñer modificacións non substanciais do plan de estudos, que afectan especialmente ao deseño do Prácticum, á localización de varias materias nos primeiros cursos, ás fichas dalgunhas materias e á configuración da mención en "Titoría e xestión de centros" na FFP de Lugo, co que se dá cumprimento ás accións de mellora propostas no anterior informe de seguimento.

Ter iniciado o proceso para a sinatura dun novo convenio entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización do Prácticum.

Desenvolvemento de actividades formativas de carácter interdisciplinar en colaboración con outras instancias, organismos e axentes do contorno (antigos alumnos que na actualidade exercen como mestres, presentación de experiencias innovadoras levadas a cabo en colexios de educación infantil e primaria, ONGs, ONCE, aulas hospitalarias, etc.).

As páxinas web das Facultades conteñen información actualizada sobre asuntos de interese para o alumnado (bolsas e axudas, normativa, eventos e actividades, avisos, convocatorias, programas das materias, programas de mobilidade, etc.).

PROPOSTAS DE MELLORA:

- 1) Continuar avanzando na elaboración e difusión pública das guías docentes das materias.
- 2) Manter a reivindicación do recoñecemento dos labores de titorización do Prácticum e TFG moi superior ao actual.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

- 1) As guías docentes son un instrumento importante para a coordinación das materias e para o desenvolvemento da docencia. O número de guías dispoñibles na páxina web dos centros é aínda baixa. Debemos ampliar o número de guías dispoñibles a través dese espazo.
- 2) A reducida asignación horaria á titorización do Prácticum e do TFG ten producido un forte descontento entre o profesorado e redonda nunha atención menos eficiente a estas tarefas centrais da formación dos mestres, polo que debe facerse un esforzo por ampliar a asignación horaria a estas tarefas. Por conseguinte, con carácter previo ao proceso de elaboración da Planificación Académica Anual insistírase na demanda dun recoñecemento da docencia do Prácticum e TFG acorde cun labor de titorización que se corresponda realmente co traballo desempeñado.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

6. Recursos humanos

Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

As políticas de restrición orzamentaria teñen producido efectos negativos na composición do PDI que participa no título. A incorporación de novo profesorado prodúcese a través de contratos de baixa calidade e a promoción do xa existente está experimentando unha forte paralización. O Plan de Equilibrio Orzamentario proposto pola USC indica que a situación non vai mellorar nun futuro inmediato.

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é, ao remate do curso 2013/14, de 49,62% (50,57 na FCE-Santiago e 44,0 na FFP-Lugo), isto supón globalmente un descenso de 13 puntos neste indicador respecto do curso 2012/13 como consecuencia das baixas taxas de reposición e da proliferación de contratos de baixa calidade. No entanto, a porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total é de 68,7% no conxunto das dúas Facultades, o que supón unha mellora de 3 puntos, e a porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI total é de 25,14%, cunha mellora de 4 puntos respecto do curso 2012/13.

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo é de 9,48 (9,04 na FCE-Santiago e 7,98 na FFP-Lugo). A media de alumnos é de 78,89 por grupo de teoría, e 26,59 por grupo de docencia interactiva, no conxunto dos dous centros. Todos estes indicadores (estudantes por grupo e profesor) están moi por encima das medias da Universidade. Só por citar o dato máis chamativo, a media de alumnos por grupo de teoría na USC é de 49,12 (case 30 puntos menos). Aínda así, o profesorado suple estas difíciles condicións con profesionalidade, e declara un nivel de satisfacción coa docencia impartida de 3,73 (1-5), con pequenas variacións entre Santiago (3,78) e Lugo (3,68)

Por último, respecto da formación continua, o profesorado participa nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC, e mostra un interese elevado en recibir formación tanto en aspectos pedagóxicos xerais (72%) como no relativo ao uso das TIC (84%). No entanto, a participación no Programa Docencia segue a ser moi escasa.

En resumo, o cadro de persoal docente e investigador que participa na titulación está cambiando de forma acelerada no sentido de redución de PDI funcionario e incremento de PDI contratado interino e a tempo parcial. Isto dificulta o relevo xeracional ordeado e limita a capacidade investigadora e de promoción do profesorado de novo ingreso. Algúns datos positivos fan referencia ao crecemento do número de doutores e de PDI con sexenios sobre o total, aínda que seguen a ser baixos.

En consecuencia, consideramos que o cumprimento deste criterio é suficiente.

BOAS PRÁCTICAS:

PROPOSTAS DE MELLORA:

- 1) Mellorar a incorporación do profesorado a procesos de formación continua e ao Programa Docencia.
- 2) Reivindicar a adopción de medidas que faciliten a contratación non precaria e a promoción do profesorado a figuras de vinculación estable coa universidade.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

- 1) A participación do profesorado nos programas de formación é aceptable e o seu interese cara á formación elevado, pero débese promover unha maior participación no programa Docencia, xa que segue sendo moi baixa.
- 2) As políticas de restrición orzamentaria están a provocar incorporacións de novo profesorado a través de contratos de baixa calidade. Por outra banda, a promoción do xa existente está experimentando un forte estancamento. Cómpre superar esta situación de precarización laboral e de paralización das expectativas de promoción e progreso profesional.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>Os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir a titulación, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo dos estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios), tanto na Facultade de Ciencias de Educación de Santiago como na de Formación do Profesorado de Lugo presentan algunhas limitacións tanto de medios como de conservación .</p> <p>O profesorado outórgalle á dispoñibilidade de material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) un valor de 5,0 (1-5) na FFP-Lugo, e de 3,36 na FCE-Santiago. Por outra parte, valora con 4,80 en Lugo e 3,32 en Santiago a dispoñibilidade de recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia no propio centro. Estas diferenzas nas valoracións derivan das particularidades que ofrecen as instalacións e recursos dos dous centros.</p> <p>Nas páxinas web das Facultades figura información detallada das infraestruturas e servizos de que dispoñen, con indicación da dispoñibilidade de espazos, capacidade e equipamento.</p> <p>Ademais, o profesorado utiliza sistemas virtuais de apoio á docencia, sexa a través do Campus Virtual da USC ou valéndose doutras plataformas, así como outras ferramentas de comunicación para axilizar a interacción cos estudantes.</p> <p>A FFP-Lugo continúa a padecer evidentes limitacións de espazo para un desenvolvemento realmente axeitado da docencia, ante o aprazamento dunha solución definitiva ao feito de que case a metade do edificio propiedade da USC está ocupada polo CEIP Anexa, de maneira que non foi posible cumprir a acción de mellora proposta.</p> <p>A FCE-Santiago (Campus Norte) ten importantes limitacións tanto na capacidade dos espazos como no estado de conservación dalgunhas infraestruturas. Poucas aulas teñen capacidade para os grupos máis numerosos que en varias materias superan os 100 estudantes, o que obriga a buscar aulas en edificios contiguos da USC. Durante o curso 2013/14 continuaron os procesos de renovación de mobiliario e dotación informática de varias aulas.</p> <p>Durante o curso 2013/14 suprimíuse o servizo de reprografía do Campus de Santiago, o que ten sido valorado de forma negativa tanto polo alumnado como polo profesorado. E a FFP de Lugo non dispón tampouco deste servizo.</p> <p>En resumo, as instalacións, recursos e servizos dos centros aínda que son suficientes para desenvolver a actividade docente e investigadora, presentan algunhas limitacións e insuficiencias, detectadas tanto no funcionamento ordinario como nas valoracións feitas polo profesorado e o alumnado.</p> <p>En consecuencia, consideramos que est criterio se cumpre de modo suficiente.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
<p>Na FFP-Lugo: obtención dunha axuda para completar a renovación do equipamento informático das aulas de docencia (acción de mellora proposta); acondicionamento dun Salón de Graos; acondicionamento de despachos para dirección da Biblioteca e Vicedecanato, cumprindo así algunhas das accións de mellora propostas.</p> <p>Na FCE-Santiago: Renovación do mobiliario de varias aulas para facelas pedagogicamente máis funcionais; renovación do equipamento informático de varias aulas; melloras de varios despachos de profesorado, e reparacións de conservación do Salón de Actos.</p>							

PROPOSTAS DE MELLORA:

- 1) Manter a demanda dunha solución acaída á inconveniente distribución de espazos entre a FFP-Lugo e o CEIP Anexa.
- 2) Recuperar o servizo de reprografía nos centros do Campus de Lugo e melloralo no Campus de Santiago.
- 3) Mellorar a dotación de espazos e recursos na FCE-Santiago, especialmente no que se refire á ampliación da dotación de pizarras dixitais.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

- 1) As limitacións orzamentarias actuais impiden novas construcións e remodelacións do actual edificio da FFP-Lugo. Debe insistirse na necesidade de chegar a unha solución definitiva que permita cubrir axeitadamente as necesidades de docencia e xestión.
- 2) A Xerencia da USC non foi quen de atopar unha solución funcional para a reprografía nos Campus de Santiago e Lugo. Urxe atopar unha saída a este asunto que dificulta o desenvolvemento cotiá da actividade docente nos dous centros.
- 3) Durante o pasado curso non se puido realizar a proposta de mellora centrada na instalación dunha pizarra dixital que se precisa para familiarizar aos futuros mestres coa súa utilización didáctica.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

8. Resultados previstos

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

A Memoria de Verificación do Título, no apartado 8 ("Resultados previstos") sinala os seguintes indicadores de previsións: taxa de graduación: 70%; taxa de eficiencia: 85%, e taxa de abandono: 20%.

Os resultados obtidos durante o curso 2013/14 melloran considerablemente estas previsións e xustifican unha valoración satisfactoria deste criterio. Sen datos aínda da taxa de graduación dado o ritmo de implantación do título, a taxa de eficiencia é do 98,17% para o conxunto das dúas Facultades e a de abandono do 4,86% en Santiago e do 10,84 en Lugo. En calquera dos casos son mellores que as previsións iniciais e tamén notablemente mellores que as medias da USC.

Alguns outros indicadores veñen a confirmar esta tendencia positiva. A taxa de éxito (porcentaxe de créditos superados respecto dos presentados) foi de 96,66% en Santiago e 95,59 en Lugo. A taxa de rendemento (créditos superados respecto dos matriculados) foi de 96,66 % en Santiago e 91,13 en Lugo. A taxa de avaliación (créditos aos que se presentaron sobre créditos matriculados) foi de 94,64 en Santiago e 95,33 en Lugo. Finalmente, a duración media dos estudos é de 4.0 anos.

Polo que se refire ao curso ponte, tamén atopamos datos satisfactorios en ambos campus. Taxa de éxito: 91,48 en Santiago e 90,07 en Lugo. Taxa de rendemento: 80,34 en Santiago e 82,28 en Lugo. Taxa de avaliación: 87,82 en Santiago e 91,35 en Lugo.

O único indicador que ofrece resultados pouco positivos fai referencia ao proceso de xestión das actas, dado que taxa de actas pechadas e asinadas fóra de prazo é do 20,61% en Santiago e 14,39 en Lugo, algo superior á media da USC. Aínda que estes datos pódense explicar polo apretado dos prazos e o tamaño dos grupos de estudantes, deben facerse esforzos de mellora na xestión das actas.

En resumo, os indicadores de resultados de rendemento e éxito dos estudantes superan de forma clara as previsións iniciais da MVT e veñen a ofrecer un panorama de resultados moi positivo do título. Debemos mellorar algúns aspectos do funcionamento administrativo como é a entrega e sinatura das actas.

En consecuencia, consideramos que o criterio cumprese de modo satisfactorio.

BOAS PRÁCTICAS:

PROPOSTAS DE MELLORA:

Reducir a porcentaxe de actas fóra de prazo.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

A porcentaxe de actas pechadas e asinadas fóra dos prazos establecidos é moi elevada en ambos os dous centros: 20,61% na FCE-Santiago e 20,22% na FFP-Lugo, fronte ao 13,69% de media da USC. Deben adoptarse mecanismos (calendario de exames, prazo de peche das actas) que permitan corrixir este incumprimento.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
9. Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>As páxinas web das dúas Facultades que imparten o título contan con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGIC, informes de seguimento).</p> <p>Tal como se indicou na reflexión sobre criterios anteriores, existe unha Comisión de Coordinación intercentros que se reúne periodicamente para tratar cuestións relacionadas co desenvolvemento e seguimento do título.</p> <p>As dúas Facultades (Santiago e Lugo) aprobaron durante o curso 2013/14 o Manual Simplificado do SGIC, que aparece tamén nas páxinas web dos centros.</p> <p>En resumo, os dous centros teñen desenvolvido os procedementos que garantizan a calidade dos títulos, entre eles o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Simplificado do SIGC e a Comisión de Coordinación Intercentros.</p> <p>En consecuencia, consideramos que se cumpre este criterio de modo satisfactorio.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>Aprobación do Manual Simplificado do SGIC nas dúas Facultades, o que supón o cumprimento dunha das propostas de mellora do informe do curso 2012/13.</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>							
<p>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :</p>							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>A implantación do título realízase consonte o calendario previsto.</p> <p>Aproveitarase o proceso de modificación do título para corrixir os desaxustes observados na táboa de validacións, executando a acción de mellora prevista no anterior informe de seguimento.</p> <p>En resumo, o criterio de calendario de implantación do título cremos que se cumpre de modo satisfactorio.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
Deseñar unha táboa de validacións entre este título e o de Grao en Mestre/a de Educación Infantil.							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :							
Existen estudantes que rematan este título e desexan cursar os estudos correspondentes ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil, polo que cómpre establecer a correspondente táboa de validacións entre as materias de ambas as dúas titulacións.							

4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO	
INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Revisar a mención en “Titoría e xestión de centros” en futuras modificacións.	Revisión da configuración da mención na proposta de modificación do título presentada á USC.
INFORMES DE SEGUIMIENTO (2012-2013)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>Criterio 1: Descrición do título</p> <p>Indícase a necesidade de asegurar a coordinación intercentros para o seguimento do título.</p>	<p>No mes de xuño de 2014 foi creada unha Comisión de Coordinación Intercentros, formada polos Decanos das dúas Facultades, os Vicececanos/as responsables de organización académica, os responsables de calidade e os coordinadores dos títulos de Mestre. Esta comisión ten realizado dúas reunións de coordinación antes do remate do curso 2013/14, no transcurso das cales elaborou a resposta ao informe provisional de seguimento 2012/13 e consensou modificacións non substanciais no plan de estudos que se atopan pendentes de aprobación.</p>
<p>Criterio 2: Xustificación</p> <p>Conveniencia de realizar consultas con profesionais en exercicio para verificar a validez da formación.</p>	<p>Recolleuse información a través dos instrumentos de avaliación dos titores externos do Prácticum (mestres en activo) sobre o nivel de competencia mostrado polos estudantes durante a súa estada nos colexios de educación primaria. Os datos manéxanse neste informe de seguimento.</p>

<p>Criterio 3: Competencias</p> <p>Necesidade de recoller evidencias para avaliar o nivel de adquisición de competencias profesionais dos titulados.</p>	<p>No curso 2013/14 téñense estudado propostas de instrumentos que posibiliten a avaliación interdisciplinar das competencias asociadas ao título. Neste sentido, modificaranse os cuestionarios a profesores, estudantes e títos externos para recoller evidencias ao respecto.</p>
<p>Criterio 4: Acceso e admisión</p> <p>Recoméndase maior reflexión sobre o Curso Ponte, que foi obxecto de modificación no curso 2012/13.</p>	<p>No presente informe inclúense algunhas reflexións sobre acceso dos estudantes e sobre resultados obtidos polo alumnado. Tamén se ten realizado un estudo da viabilidade para articular procesos de consulta dirixidos a este alumnado.</p>
<p>Criterio 5: Planificación das ensinanzas</p> <p>Recoméndase maior reflexión sobre planificación das ensinanzas, aclarando máis os mecanismos de coordinación intra e intercentros e a organización do Prácticum.</p>	<p>No curso 2013/14 consolidáronse os mecanismos de coordinación das ensinanzas dentro de cada Facultade a través dos coordinadores de título e cursos. Tamén se puxo en marcha a Comisión de Coordinación Intercentros, que se reuniu dúas veces ao longo do curso e acabou consensuando algúns cambios non substanciais que afectan á distribución de materias, ás fichas dalgunhas delas e, sobre todo, á organización e secuencia do Prácticum e do TFG, como se describe neste Informe de Seguimento.</p>
<p>Criterio 6: Recursos humanos</p> <p>Recoméndase máis reflexión sobre a adecuación do profesorado, as súas características e formación.</p>	<p>No actual Informe de Seguimento achégase máis reflexión sobre as características do PDI (funcionarios, doutores e sexenios sobre PDI total) e análizanse os cambios estruturais que se están a producir como consecuencia das dificultades orzamentarias e os límites impostos polas taxas de reposición. Faise algunha proposta de mellora respecto da participación nos procesos de formación.</p>
<p>Criterio 9: Sistema de Garantía de Calidade</p> <p>Recoméndase proporcionar evidencias do Sistema de Garantía de Calidade e a creación dunha Comisión Intercentros.</p>	<p>No actual Informe de Seguimento achéganse máis evidencias e reflexión sobre o Sistema de Garantía de Calidade, especialmente o que ten que ver coa aprobación do Manual Simplificado do SGIC, da Comisión de Coordinación Intercentros e da publicidade dos procedementos de calidade nas páxinas web .</p>

5. PLAN DE MELLORAS

ACCIÓN DE MELLORA Nº 1			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-01
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informe de seguimento e recomendación da ACSUG.
		Descrición orixe	Debilidade identificada no Informe de Seguimento 2012/13 e no actual, e recomendación da ACSUG. Criterios “Xustificación” e “Competencias”.
	Definición	Análise causa	A identificación e avaliación das competencias profesionais do título é un ámbito aínda pouco desenvolvido que esixe deseñar e administrar instrumentos específicos a alumnado, profesorado e profesionais externos.
		Definición/descrición proposta	Avanzar na recollida de evidencias sobre a adquisición das competencias do título por parte dos estudantes.
		Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015
Data inicio		10 de xaneiro de 2015	
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinación do título	
	Outros responsables da implantación	Coordinación dos cursos Coordinación do Prácticum e TFG Vicedecanato de organización académica (FCE-Santiago) Vicedecanato (FFP-Lugo)	
Tarefa1	Código	AM-01/T1	
	Descrición tarefa	Deseño e aplicación dun cuestionario sobre adquisición de competencias a unha mostra de alumnado dos diferentes cursos.	
	Data prevista de finalización	20 de maio de 2015	
	Persoa responsable	Coordinación do título Coordinación dos cursos	

	Usuario responsable	
Tarefa2	Código	AM-01/T2
	Descripción tarefa	Deseño e aplicación dun cuestionario sobre adquisición de competencias a profesorado da titulación e títolos externos do Prácticum.
	Data prevista de finalización	30 de marzo de 2015
	Persoa responsable	Coordinación da titulación Coordinación do Prácticum
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓN DE MELLORA Nº 2			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-02
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informes de seguimento
		Descrición orixe	Proposta de mellora formulada no Informe de Seguimento 2012/13 e reiterada no actual. Criterio “Planificación das ensinanzas”.
	Definición	Análise causa	A análise das evidencias pon de maifesto que só unha pequena parte das guías docentes das materias do título están accesibles na páxina web dos centros.
		Definición/descrición proposta	Avanzar na elaboración e exposición na páxina web dos centros das guías docentes do 25% das materias do título.
		Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015
		Data inicio	10 de xaneiro de 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinación do título	
	Outros responsables da implantación	Direccións de Departamentos Responsables de Calidade dos Centros Xestoras dos Centros	
Tarefa1	Código	AM-02/T1	
	Descrición tarefa	Promover xuntamente cos directores de Departamentos a elaboración de guías docentes das materias das que aínda non existen.	
	Data prevista de finalización	30 de marzo de 2015	
	Persoa responsable	Coordinación do título Direccións de Departamentos	
	Usuario responsable		

Tarefa2	Código	AM-02/T2
	Descrición tarefa	Exposición no enlace correspondente da páxina web dos Centros das guías docentes dispoñibles.
	Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015
	Persoa responsable	Responsables de Calidade dos Centros Xestoras dos Centros
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓN DE MELLORA Nº 3			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informes de seguimento
		Descrición orixe	Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento 2012/13 e reiterada no actual. Criterio “Recursos materiais e servizos”.
	Definición	Análise causa	Téñense identificado deficiencias de espazos e dotacións nos dous centros que dificultan o desenvolvemento da docencia.
		Definición/descrición proposta	Mellorar a dispoñibilidade de espazos e recursos dos centros.
		Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015
		Data inicio	10 xaneiro de 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Decanatos dos Centros	
	Outros responsables da implantación	Xerencia	
Tarefa1	Código	AM-03/T1	
	Descrición tarefa	Buscar solución á deficiencia de espazos e instalación dun servizo de reprografía nos dous centros.	
	Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015	
	Persoa responsable	Decanatos dos Centros	
	Usuario responsable		
Subtarefa 1	Código	AM-03/T1S1	
	Descrición tarefa	Buscar solución á deficiencia de espazos na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte) e instalación de servizo de reprografía e pizarra dixital.	
	Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015	

	Persoa responsable	Decanato da Facultade
	Usuario responsable	
Subtarefa 2	Código	AM-03/T1S2
	Descrición tarefa	No caso da Facultade de Formación do Profesorado, insistir na necesidade de atopar unha solución definitiva ao feito de que case a metade do edificio propiedade da USC está ocupada polo CEIP Anexa.
	Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015
	Persoa responsable	Decanato da Facultade
	Usuario responsable	
Subtarefa 3	Código	AM-03/T1S3
	Descrición tarefa	Insistir ante a Vicerreitoría de Coordinación e Planificación e a Vicerexencia do Campus de Lugo da necesidade de recuperar o servizo de reprografía nos centros deste campus.
	Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015
	Persoa responsable	Decanato da Facultade
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓN DE MELLORA Nº 4			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-04
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informes de seguimento
		Descrición orixe	Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento actual. Criterio “Resultados previstos”.
	Definición	Análise causa	A análise das evidencias pon de manifesto que existe unha elevada taxa de actas fóra de prazo nos dous centros, especialmente en Santiago.
		Definición/descrición proposta	Reducir a taxa de actas fóra de prazo ao nivel da media da USC.
		Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015
		Data inicio	10 de xaneiro de 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Secretarías dos Centros	
	Outros responsables da implantación	Coordinadores de materias, Prácticum e TFG Xestoras dos Centros	
Tarefa1	Código	AM-04/T1	
	Descrición tarefa	Xestionar os calendariosde exames e o peche e sinatura de actas para reducir a porcentaxe de actas fóra de prazo ao 10%.	
	Data prevista de finalización	30 de xullo de 2015	
	Persoa responsable	Secretarías dos Centros	
	Usuario responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		



Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓN DE MELLORA Nº 5			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-05
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informes de seguimento
		Descrición orixe	Proposta de mellora formulada no Informe de seguimneto actual. Criterio “Calendario de implantación”.
	Definición	Análise causa	Varios estudantes que teñen finalizado o título desexan obter o título de Mestre de Educación Infantil. Cómpre dispoñer dunha táboa de validacións entre os dous títulos.
		Definición/descrición proposta	Elaborar unha táboa de validacións entre os títulos de Mestre/a de Educación Primaria e Mestre/a de Educación Infantil.
		Data prevista de finalización	30 de marzo de 2015
		Data inicio	10 de xaneiro de 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Comisión de Coordinación Intercentros	
	Outros responsables da implantación	Decanatos das Facultades Coordinación dos títulos de Mestre	
Tarefa1	Código	AM-05/T1	
	Descrición tarefa	Reunión da Comisión de Coordinación Intercentros para analizar e aprobar a táboa de validacións entre os títulos de Mestre/a de Educación Primaria e Mestre/a de Educación Infantil.	
	Data prevista de finalización	30 de marzo de 2015	
	Persoa responsable	Decanatos dos Centros	
	Usuario responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		



	Data comprobación	
--	--------------------------	--

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.